

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 21 DE MAIO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteún de maio de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de Maio do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

Vista a solicitude de **Ramón Alonso Camba**, con domicilio na avda. Parque nº 26, O Carballiño, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na rúa Ribeiro nº 45 (47), Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 14.05.07, que literalmente di:

“Clasificación Urbanística:

Dado que a normativa de planeamento municipal, NNSSPPMM, publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro de 1986 e nº 66, do 23 de marzo de 1987 e no D.O.G.A. de 19 de xuño de 1991, non se atopa adaptada á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro, é de aplicación a Disposición transitoria primeira.- Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado:*

*b) Ó solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12.a) desta lei, aplicaráselle o*

*disposto nesta para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar a ordenación establecida no planeamento vixente.*

Por elo, enténdese que os citados terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado, respecto da rúa do Ribeiro, debéndose respectar a franxa de 20 m. de fondo respecto a alineación da Estrada Nnal.-120 que quedarían incluídos dentro do solo Urbano Non Consolidado, xa que o non contar cos servizos urbanísticos esixidos, non reúne as condicións de soar, sinaladas *no artigo 16.- Soares* da nomeada Lei 9/2002.

\* Cualificación Urbanística:

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais inclúese a parcela dentro da delimitación do Polígono de Percepción, polo que é de aplicación, ademais da Ordenanza 4.1.RC Residencial Cerrada, que aparece grafiada no Plano de Ordenación, a Ordenanza CD: Centros Diferenciados, que no seu apartado 4.10.2. “Prescripción de ordenacións específicas” dita:

*“As alturas sinaladas nas Ordenanzas anteriores veranse limitadas pola altura máxima de percepción non superable en ningún punto ó obxecto de evitar a presenza dunha cortina que impida a contemplación dos valores arquitectónicos da vila, observados dende a Estrada de Acceso.*

*A tal efecto delimitase un Polígono de Percepción en planos nº 5 dentro do que a edificación, ó nivel da parte superior da cuberta, non superará en ningún punto a rasante da referida estrada...”*

Así mesmo deberán cumprirse o resto de condicións esixidas en toda aquela normativa de obrigado cumprimento.

Adxúntanse fotocopias das Ordenanzas das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais”.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **dona Delfina Rodríguez Fernández**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 68, 1ºA, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número un de Ourense, de 8 de maio de 2007, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 18.05.06, polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese **recurso contencioso-administrativo- Procedemento núm. 191/07**, a instancia da Mancomunidade I.V. de Concellos do Ribeiro contra acordo de data 29 de marzo de 2007 que desestima recurso de reposición interposto pola Mancomunidade I.V. do Ribeiro contra acordo do Pleno do Concello de data 22-02-07. No escrito requírese a remisión no prazo de vinte días do expediente administrativo, completo, foliado e debidamente autenticado, acompañándose dun índice dos documentos que conteña, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos emprazamentos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete.”

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **SOLICITUDE DE SUBVENCION.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acollerse á Resolución do Instituto Galego de Consumo do 16 de abril do 2007 pola que se convoca e regula a concesión de axudas ás Entidades Locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2007, solicitando subvención por importe de 15.270,48 euros, segundo a memoria que se acha no expediente.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.